

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XANEIRO DE 2021**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2021.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.2.	Días de chuvia en xaneiro de 2021	20
6.3.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2021.	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	29
9	RAIOS	30

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de xaneiro de temperatura mínima

Calendario de xaneiro de temperatura máxima

Calendario de xaneiro de precipitación acumulada

Calendario de xaneiro de refacho máximo

Data edición: 11/02/2021



Mes de xaneiro moi frío e húmido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

Xaneiro quedou caracterizado por dúas partes moi diferentes. As primeiras semanas foron moi frías, pero en xeral secas, agás algunhas precipitacións ao principio do mes. Porén, a partir do día 19 a continua chegada de borrascas fixo que volvesen as chuvias, con ventos do suroeste que ocasionaron un notable ascenso das temperaturas.

O mes comezou cunha entrada de aire frío procedente do Atlántico norte, con inestabilidade, polo que tivemos chuvascos en forma de neve en cotas baixas, por riba dos 500-600 metros.

Esta situación repetiuse entre os días 2 e 5, con chuvascos máis frecuentes na metade norte e temperaturas baixas en xeral, o que acumulou cantidades significativas de neve nas zonas de montaña da Comunidade.

Entre o 6 e o 8 as altas presións predominaron, pero non moveron a masa de aire frío, polo que o tempo foi seco, pero extremadamente frío, con valores por debaixo dos -10 °C en puntos de montaña.

O día 9 a borrasca *Filomena* deixaba unha copiosa nevarada en boa parte da península Ibérica, pero apenas chegou a Galicia, polo que tivemos un día con máis nubes e soamente algunha nevada illada no norte.

O día 10 *Filomena* localizábase no Mediterráneo e, combinada coas altas presións do Atlántico, deixaba vento do nordeste e unha diminución na intensidade das xeadas.

Entre o 11 e o 14 o tempo foi en xeral seco e moi frío en Galicia pola combinación de novo das altas presións e a presenza aínda de aire frío. No sur de Ourense varios puntos quedaron por debaixo dos -8°C, o que ocasionaba avisos laranxa por baixas temperaturas.

O día 15 tivemos o paso dunha primeira fronte pouco activa na madrugada, pero a partir do mediodía novamente volveron as altas presións. Deixaron vento en calma e ceos con poucas nubes, agás as néboas nos vales ao principio do día, ata a xornada do 18.



As xeadas volveron a ser xeneralizadas no interior, aínda que non tan intensas como no anterior episodio anticiclónico.

Foi a partir do 19 cando si tivemos un cambio moi significativo na tendencia, xa que chegou a primeira borrasca intensa do mes, nomeada como *Gaetán* polo servizo meteorolóxico portugués. Durante a noite do 19 e na madrugada do 20 as chuvias foron cuantiosas e os refachos de vento superaron os 100 km/h en puntos do litoral e zonas altas do interior.

Na tarde-noite do 21 e na madrugada do 22 visitábanos a borrasca Hortense, deixando de novo importantes refachos de vento, algo máis intensos que os que deixara *Gaetán*, aínda que con menos precipitación.

Na xornada do 23 chegaba a terceira borrasca con nome da semana (*Ignacio*), de novo con fortes ventos.

O 24 foi un día relativamente tranquilo. Os primeiros días da derradeira semana do mes quedaron caracterizados pola entrada dunha masa de aire húmido, pero moi morno, que fixo que as temperaturas ascendesen notablemente.

As chuvias aínda foron xeneralizadas os días 25 e 26, pero as xornadas do 27 e 28 abríronse xa claros no leste e norte, quedando as chuvias no cuadrante suroeste da Comunidade.

Cando o mes estaba por rematar houbo a chegada na noite do 29 e na madrugada do 30 da borrasca *Justine*, que deixaba de novo importantes refachos de vento e un temporal no mar de nivel vermello no litoral norte na tarde do día 30.

O mes remataba co paso dunha fronte fría deixando chuvascos en toda a Comunidade.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1) como no de altura xeopotencial, aínda que con menor anomalía (Figura 2), a forte anomalía negativa de presión mostra a gran cantidade de borrascas, situadas máis ao sur do normal, que afectaron a Galicia na segunda metade do mes. Porén, nas áreas habituais de formación de borrascas, obsérvase unha forte anomalía positiva de presión.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xaneiro-2021.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xaneiro-2021.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XANEIRO 2021 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.4/10.2	10.8	12.4 (2016)	8.5 (1976)
Tª mínima media	7.9/7.7	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	2.5/2.3 (día 6)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	14.4/14.3 (día 28)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	12.9/12.7	13.4	14.9 (2016)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	18.2/17/5 (día 29)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	7.4/7.8 (día 4)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	137	79-132	342 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	18	14	27 (2014)	1 (1964)

Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, considerándose un mes húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2021. Temperatura: 1948-2021.

SANTIAGO

	XANEIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.7	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	4.5	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	-2.4 (día 16)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	12.3 (día 27)	13.7 (22/01/2016)		
Tª máxima media	10.8	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	16.1 (día 18)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	5.9 (día 3)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	216	181-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	17	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para a temperatura mínima o mes cualifícase como lixeiramente frío.

A precipitación acumulada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Porén, o número de días de chuvia foi superior ao valor climático agardado nun mes de xaneiro.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2021. Temperatura: 1982-2021.



LUGO

	XANEIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.0	6.3	9.1 (1966)	3.6 (1976)
Tª mínima media	2.3	2.4	7.6 (1966)	-1.3 (1976)
Tª mínima absoluta	-6.1 (día 12)	-10.1 (03/01/1971)		
Tª mínima máis alta	12.1 (día 27)	13.0 (09/01/1991)		
Tª máxima media	9.7	10.2	12.7 (1993)	6.5 (1972)
Tª máxima absoluta	18.1 (día 28)	19.0 (06/01/1999)		
Tª máxima máis baixa	2.6 (día 7)	-2.0 (13/01/1987)		
Precipitación acumulada	135	62-124	288 (1970)	21 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	12	13	28 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes normal tendo en conta ás temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou lixeiramente frío.

A precipitación acumulada é superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2021. Temperatura: 1981-2021.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.7	9.5	12.1(1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	4.7	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1996)
Tª mínima absoluta	-2.2 (día 8)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	13.3 (día 27)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	12.7	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	15.6 (día 27)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	8.1 (día 1)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	238	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	15	14	28 (2014)	3 (1992)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta ás temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.

A chuvia acumulada superou o rango de valores normais, resultando un mes húmido. Isto reflectiuse tamén no número de días de chuvia, superiores ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2021. Temperatura: 1958-2021.



OURENSE

	XANEIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.4	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	3.1	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-4.4 (día 12)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	12.8 (día 27)	15.0 (03/01/2018)		
Tª máxima media	11.6	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	18.5 (día 27)	22.0 (27/01/2003)		
Tª máxima máis baixa	3.0 (día 5)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	79	69-98	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta ás temperaturas máximas, mentres que para as mínimas o mes resultou normal. Como resultado disto, tivemos un mes de xaneiro frío tendo en conta as temperaturas medias.

A chuvia acumulada está dentro do rango de valores normais, como así tamén, o número de días de chuvia, acadou o valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2021. Temperatura: 1972-2021.

5 TEMPERATURA

As baixas temperaturas na primeira metade do mes, debido á presenza dunha masa de aire moi fría, marcaron o mes. A suavidade térmica dos derradeiros 10 días non foi quen de cancelar a anomalía negativa, pero si fixo que esta anomalía negativa nas temperaturas mínimas foise menor cá das máximas.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2021.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 1 foi de 9.4 °C. Os valores máis altos rexistráronse no interior da península do Morrazo, con valores próximos 14 °C de media. As máximas máis baixas déronse na alta montaña ourensá, principalmente en Pena Trevinca onde se acadaron os 0.4 °C.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro, a partir dos valores do mapa da Figura 2, para o territorio galego foi de 2.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse no macizo de Manzaneda e na comarca da Limia, con temperaturas medias inferiores aos -3 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse de forma xeneralizada no litoral da Comunidade, con valores próximos aos 8 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2021.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra un predominio de zonas máis frías do habitual nas provincias de Pontevedra e Ourense principalmente. Aínda que no suroeste da Coruña e na Fonsagrada tamén se acadaron valores inferiores aos normais para a época do ano, tal e como se pode apreciar na Figura 3. Así, a anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de $-0.4\text{ }^{\circ}\text{C}$. Houbo tamén zonas normais, sobre todo na provincia de A Coruña e a comarca de Ortegal onde as anomalías chegaron estiveron preto dos $0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de xaneiro de 2021 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas de A Coruña e Bergantiños. As máis baixas (Táboa 2) déronse nas comarcas de Ourense e Pontevedra.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	provincia	anomalía (°C)
Carballo	A Coruña	0.6
Cedeira	A Coruña	0.3
Cambre	A Coruña	0.3
Cariño	A Coruña	0.3
Bergondo	A Coruña	0.2
Laracha (A)	A Coruña	0.2
Triacastela	Lugo	0.1
Carral	A Coruña	0.1
Vilardevós	Ourense	0.1
Cerceda	A Coruña	0.1

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de xaneiro de 2021.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Esgos	Ourense	-1.3
Ribeira	A Coruña	-1.1
Pontevedra	Pontevedra	-1.1
Pobra do Caramiñal	A Coruña	-1.1
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	-1.1
Barro	Pontevedra	-1.1
Paderne de Allariz	Ourense	-1.0
Bola (A)	Ourense	-1.0
Moraña	Pontevedra	-1.0
Caldas de Reis	Pontevedra	-1.0

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de xaneiro de 2021.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2021 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 28 foi a que presentou as temperaturas máis altas, destacando tamén a do 16 por riba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2021 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/01/2021	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	20.3
28/01/2021	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	20.0
27/01/2021	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	19.9
29/01/2021	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	19.9
28/01/2021	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	19.9
28/01/2021	Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	19.6
28/01/2021	Xabrega	SOBER	Lugo	19.3
28/01/2021	Foz	FOZ	Lugo	19.3
28/01/2021	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	19.1
27/01/2021	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	19.0

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xaneiro 2021 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2021 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/01/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	15.3
27/01/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	14.6
18/01/2021	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	14.3
27/01/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	13.9
13/01/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	13.2
28/01/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	13.0
27/01/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	12.9
16/01/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	12.6
16/01/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	12.6
16/01/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	12.2

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xaneiro de 2021 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xaneiro de 2021 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornada do 8 e o 9 de xaneiro foron especialmente frías en ambas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2021 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/01/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-10.95
05/01/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-10.86
09/01/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-10.28
09/01/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-9.79
05/01/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-9.53
05/01/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.72
07/01/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-8.52
06/01/2021	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-8.13
09/01/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	-7.98
09/01/2021	Xurés	MUIÑOS	Ourense	-7.81
05/01/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-7.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xaneiro de 2021 a unha altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2021 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/01/2021	Baltar	BALTAR	Ourense	-13.22
08/01/2021	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-13.11
08/01/2021	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-10.55
07/01/2021	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-10.42
09/01/2021	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-8.38
09/01/2021	Larouco	LAROUCO	Ourense	-7.91
08/01/2021	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-7.7
09/01/2021	As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	-7.64
08/01/2021	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	-7.54
09/01/2021	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-7.49
13/01/2021	Morelle	SARRIA	Lugo	-7.43

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xaneiro de 2021 a altitude menor de 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2021.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021 para esta serie foi 7.2 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2021 para xaneiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.80 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi frío. Isto debeuse principalmente as temperaturas máximas que foron moi frías (-1.30 °C), mentres que as mínimas foron frías (-0.40 °C). A anomalía deste ano igualouse á do 2019, ambas co precedente máis frío en 2006.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias dos primeiros días do mes, pero sobre todo a secuencia de borrascas que atravesaron Galicia desde o día 19 en adiante, 4 de elas con nome, deixaron cantidades de chuvia en xeral superiores ás agardadas nun mes de xaneiro.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 234 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse en practicamente no oeste de Galicia, pero tamén nas serras setentrionais e nos Ancares, onde se superaron localmente os 400 L/m². A comarca de Terra de Lemos e o concello de Carballeda de Valdeorras rexistrou os valores máis baixos de precipitación, entorno aos 80 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2021.

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 30 % superior ao período de referencia 1981-2010. Destacan as comarcas de A Fonsagrada e Os Ancares onde puntualmente se acadaron valores entorno aos 250% por riba da precipitación normal nesta época do ano. Porén, nalgunhas localidades da provincia de Ourense a precipitación foi normal ou moderadamente inferior (no concello de Carballada de Valdeorras, cunha porcentaxe próximo ao 60 % do normal).




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2021.



6.2. Días de chuva en xaneiro de 2021

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 15.3. Os valores máis altos acadáronse na comarca de Ortegá, onde case se acadaron 24 días de chuva. Pola contra, en Monforte e na Terra de Celanova, acadáronse os valores máis baixos, chegando os valores máis baixos a 10 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de xaneiro de 2021.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xaneiro. As precipitacións acumuladas neste mes superaron nalgunhas localidades os 400 L/m², destacando o oeste das provincias de A Coruña e Pontevedra. Así mesmo, destaca a chuvia rexistrada nas xornadas do 19 ao 21, onde se superaron os 70 L/m² en 24 horas nalgunhas localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2021			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	513
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	489
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	436
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	434
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	430
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	425
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	401
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	401
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	394
Labrada	ABADÍN	Lugo	392

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2021.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	140	19/01/2021 16:20
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	95	21/01/2021 4:40
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	88	19/01/2021 21:00
Lesende	LOUSAME	A Coruña	83	19/01/2021 15:40
Costa	ROIS	A Coruña	82	19/01/2021 17:00
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	81	19/01/2021 16:20
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	79	21/01/2021 6:20
Muralla	LOUSAME	A Coruña	79	28/01/2021 0:50
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	78	21/01/2021 6:10
Arzúa	ARZÚA	A Coruña	75	21/01/2021 4:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2021.

6.3. Evolución da precipitación en xaneiro de 2021

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021, para esta serie, foi 198 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2021 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 37 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido a este ano atopámolo en 2016.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO



Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que destaca un período entre os días 19 e 22 onde se superou este limiar, ademais nestas xornadas, repetíronse valores superiores a 100 km/h en moitas das estacións que se mostran na táboa. A pesar diso as porcentaxes de calmas foron superiores ao esperado.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
21/01/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	170.5
21/01/2021	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	149.7
21/01/2021	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	144.4
22/01/2021	Ons	BUEU	Pontevedra	143.5
30/01/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	140.7
20/01/2021	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	139.8
22/01/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	139.2
21/01/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	136.1
20/01/2021	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	132.2
21/01/2021	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	128.6
22/01/2021	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	126.5
19/01/2021	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	122.1
21/01/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	121.9
19/01/2021	Burela	BURELA	Lugo	121.5
22/01/2021	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	121.1
22/01/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	119.3
20/01/2021	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	118.9
21/01/2021	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	113.9
20/01/2021	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	113.6
21/01/2021	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	113.5
22/01/2021	Amiudal	AVIÓN	Ourense	111.6



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
22/01/2021	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	111.5
19/01/2021	Lira	CARNOTA	A Coruña	109.1
21/01/2021	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	107.8
21/01/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	107.7
20/01/2021	Fragavella	ABADÍN	Lugo	107.6
20/01/2021	Muralla	LOUSAME	A Coruña	105.7
19/01/2021	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	103.4
23/01/2021	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	102.7
23/01/2021	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	102.3
22/01/2021	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	102.2
19/01/2021	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	101.6
20/01/2021	Foz	FOZ	Lugo	100.5
23/01/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	100.5
22/01/2021	Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	100.5
19/01/2021	Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	100.0

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xaneiro de 2021.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	109.1	NE	13		
		Día 19				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	129.2	SO	8		
		Día 20				
Malpica	Malpica	111.5	O	8		
		Día 22				
Marco da Curra	Monfero	102.3	O	5		
		Día 23				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2021 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	139.8	SO	5		
		Día 20				
Campus Lugo	Lugo	67.5	SO	60		
		Día 21				







PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	119.3	NE	13		
		Día 22				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xaneiro de 2021 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	96.2	SO	12		
		Día 20				
Gandarela	Celanova	87.9	O	55		
		Día 21				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2021 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	126.5	S	14		
		Día 22				
Cíes	Vigo	113.5	SE	12		
		Día 21				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2021 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xaneiro de 2021.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de xaneiro 290 raios. Como se pode observar rexistrados practicamente en dúas xornadas, a do 21 e o 22 de xaneiro (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xaneiro de 2021.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a gran maioría detectáronse na provincia de Pontevedra e despois, estiveron repartidos con valores similares no resto das provincias galegas.

nº de raios detectados en xaneiro de 2021 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xaneiro de 2021.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2021. Pódese observar que este mes de xaneiro obtivo un número normal de raios comparado co resto dos anos. Destaca ademais 2014, onde se rexistraron o maior número de raios do período de detección.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2021.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 1

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
A Coruña																												
A Gándara	6.9	9.01	13.7	18	5.3	0.8	6	316	47.5	20	290	90	96	79	35	99	529	23	132	20	969	26	0					
Aldea Nova	7.9	10.74	15.0	18	5.8	1.0	4	285	33.3	23	262	92	99	78	28	80	459	11	81	21	985	25	0					
Arzúa	6.0	10.23	16.9	18	2.5	-5.6	8	250	62.7	21	227	93	99	75	31	89	505	6	59	21	975	18	12					
Camariñas	10.2	12.27	15.1	27	8.0	1.4	5	123	23.7	20	85	87	96	74	36	103	591	20	113	20	1017	23	0					
Cariño	10.6	12.61	17.3	26	8.3	3.6	9	301	50.0	23	261	82	94	69	29	82	497	17	93	30	1017	23	0					
Cespón	8.8	12.66	16.0	18	5.6	-1.5	5	383	52.1	29	352	88	97	72	38	108	567	8	89	22	1013	17	6					
CIS Ferrol	9.3	12.55	16.8	18	6.6	0.6	7	200	23.2	25	165	84	95	68	31	88	497	10	81	30	1014	22	0					
Corrubedo	9.5	12.55	15.3	21	7.2	1.7	5	155	21.2	31	118	83	93	71	41	116	616	14	85	22	1015	17	0					
Coruña-Dique	10.1	12.59	17.4	29	7.5	0.8	8	109	14.2	20	-	79	91	65	-	-	-	18	101	19	1016	20	0					
Coruña-Torre de Hércul	10.3	12.91	18.1	29	7.9	2.5	6	137	19.9	25	-	77	88	64	-	-	-	-	-	-	-	-	20	0				
*Costa	8.1	11.84	15.5	18	5.1	-1.9	16	341	65.2	20	-	94	99	81	-	-	-	5	54	22	997	18	8					
*Coto Muiño	7.1	11.07	16.6	18	4.0	-3.5	5	400	66.9	20	-	93	98	78	-	-	-	5	65	19	-	24	10					
Fontecada	6.5	9.65	15.0	18	3.8	-3.6	16	430	98.8	20	403	88	95	74	33	94	511	14	80	19	974	21	9					
*Guísamo	8.5	11.94	16.3	31	5.9	-0.2	6	168	18.5	3	-	83	91	68	-	-	-	6	57	21	997	21	2					
*Lesende	8.5	11.86	15.9	18	5.8	-0.2	6	282	52.7	20	255	91	99	75	39	109	549	6	64	22	998	17	2					
Lira	9.2	11.2	13.6	21	7.4	2.6	4	149	19.6	20	113	85	93	76	43	122	622	24	109	19	-	17	0					
Mabegondo	7.8	12.29	17.4	31	4.0	-3.8	8	155	19.6	20	124	91	99	73	40	114	596	8	69	21	1007	19	10					
Malpica	9.4	11.55	15.7	26	7.3	2.5	5	156	23.7	20	125	89	98	77	32	91	532	25	111	22	998	25	0					
Marco da Curra	5.0	7.36	12.5	26	3.1	-1.5	4	289	49.6	23	267	92	98	82	30	86	491	20	102	23	941	23	7					
Melide	5.4	9.62	16.8	18	2.2	-4.7	16	233	34.6	20	207	90	97	75	29	81	488	7	62	20	962	18	14					
Muralla	5.7	7.71	13.3	18	4.1	-1.1	8	513	78.2	28	494	94	99	82	37	104	527	26	105	20	940	20	4					
*O Val	9.2	12.64	16.6	31	6.2	-0.1	16	227	26.4	23	-	86	95	71	-	-	-	4	60	30	1009	24	2					
Olas	6.3	9.9	16.5	18	3.5	-3.4	16	245	42.5	20	221	92	99	76	36	102	532	13	72	19	-	23	11					
*Ordes	6.9	11.08	17.1	18	3.2	-4.6	12	205	39.3	20	-	87	94	71	-	-	-	4	46	21	985	18	12					
*Paramos	7.0	10.19	15.3	18	4.3	-2.0	16	347	59.4	20	-	97	100	87	-	-	-	12	68	16	974	21	8					
*Pazo de Galegos	7.6	11.32	17.0	18	4.5	-3.8	13	213	32.8	21	186	90	98	76	37	104	547	5	48	21	991	17	7					
Punta Candieira	8.7	10.18	14.3	27	7.2	2.2	4	182	24.9	23	148	86	95	74	24	69	440	34	129	20	986	22	0					
Punta Langosteira	10.6	12.55	16.8	26	8.3	3.5	5	126	19.1	25	-	82	95	70	38	109	555	23	122	19	1015	19	0					
Río do Sol	6.0	8.64	15.2	18	4.0	-0.5	9	297	49.1	20	275	93	98	81	35	99	514	21	96	19	954	23	3					
*Rus	8.4	12.69	17.4	18	4.9	-2.6	8	202	38.7	20	-	93	99	77	-	-	-	4	51	19	1002	21	10					
Sálvora-Pazo	10.3	12.07	14.8	21	8.7	4.3	5	151	38.7	21	105	83	90	73	46	133	666	24	100	19	-	17	0					
Santiago-EOAS	7.3	10.77	16.1	18	4.5	-2.4	16	216	36.2	21	187	88	96	72	35	100	528	15	89	22	988	18	8					
Santiago-San Lázaro	7.2	10.56	16.3	18	4.4	-2.6	13	148	27.4	21	119	88	95	74	37	106	542	11	83	16	982	19	7					
Sergude	7.1	11.03	16.9	18	4.2	-2.9	16	257	55.3	21	-	91	98	75	24	68	391	-	-	-	-	18	8					
Serra da Faladoira	5.6	7.93	13.0	26	3.9	-0.7	9	393	68.2	23	370	91	98	80	28	80	485	22	102	23	949	25	3					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 1

Provincia Estación	T ^o C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Santa Cruz	8.2	13.19	19.6	28	4.0	-3.8	8	220	36.1	25	184	86	97	64	38	109	575	5	75	20	-	21	9
Serra Vacaloura	4.1	6.85	12.8	26	1.8	-3.9	8	161	22.4	21	144	97	100	88	28	77	491	21	100	22	-	17	15
Ventosa	3.6	6.88	15.6	28	1.0	-6.7	7	175	29.0	25	120	82	93	67	36	102	538	18	91	19	911	15	14
*Vilamor	8.1	12.53	19.1	28	4.1	-4.1	8	206	39.5	21	159	86	97	66	35	98	538	8	67	20	-	18	-
*Xabrega	6.2	10.39	19.3	28	3.2	-4.9	9	112	18.8	20	82	87	96	69	27	78	506	6	72	21	980	15	12

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 1



Provincia Estación	T ^{ao} C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
*Torrequeintáns	8.7	12.79	15.5	27	5.1	-1.4	5	185	38.2	21	153	90	98	75	43	123	624	7	69	20	1010	16	6
*Tremoedo	8.4	12.05	14.7	18	5.0	-1.4	5	195	37.4	21	-	85	94	68	-	-	-	5	46	9	1011	16	5
Vigo	9.0	12.86	17.2	27	6.2	0.0	8	166	36.0	31	-	81	92	65	-	-	-	-	-	-	-	14	1
Vigo-Campus	7.3	9.58	14.1	18	5.5	-0.6	8	256	43.3	20	222	84	94	72	45	129	646	9	95	20	964	15	2
Xesteiras	5.1	7.26	13.1	16	3.3	-2.0	8	488	71.8	29	-	93	100	81	-	-	-	--	--	-	-	17	7

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.


TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA XANEIRO 2021



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA XANEIRO 2021



CHUVIA DIARIA XANEIRO 2021



REFACHO MÁXIMO DIARIO XANEIRO 2021

